



Era un día dunha festa, era un día dunha festa e Carmen tiña xente na, na, enriba comendo. E vaise, despois veu buscalo café abaixo e xa tiña o café feito encima da cociña e cando veu pa, pa colalo café, pa levalo café pa mesa non topou a pota de café e dixo:

- Ai Dios diante! E esto debe ser cousa do demo porque, ou cousa do (?), a outra escapáronlle ca pota das papas, e aghora a esta escápanlle ca pota do café, vai ti saber onde vai.

Pois anduvo en busca da pota, a pota taba encima da cociña, non aparecía o (...) do café. E quen fora o que escapara ca pota do café?

- Marcos
- O demo de Marcos.

Marchárame ca pota do café e eu non sabía onde, onde iba a pota do café. Hasta que se presentou e despoise sin decir, que marchara ca pota nin que nada. E fórame Marcos o que marchara ca pota do café.

- E despois Marcos íballe pedindo café, esta víase neghra buscando na pota...

Claro, Marcos fora, dixo: “Veña café, veña café”, pero despois douse conta Carme que non taba a pota do café encima da cociña e... e fora el o que a aghachara.